

## **SANTUARIO DA VIRXE DA BARCA**




**MUXÍA, COSTA DA MORTE (A CORUÑA)**

## ÍNDICE

<b>1.Xeodestino Costa da Morte.....</b>	<b>páx.3</b>
<b>2.Situación .....</b>	<b>4</b>
<b>3.Un pouco de historia.....</b>	<b>5</b>
<b>4.Outros enlaces de interese.....</b>	<b>7</b>
<b>5.Webgrafía.....</b>	<b>7</b>

# 1.Xeodestino Costa da Morte

Imaxe 1.-Xeodestinos de Galicia



- > Rías Altas
- > Costa da Morte
- > Terras de Santiago
- > Mariña Lucense
- > Lugo e Terra Cha
- > Ancares - Courel
- > Ribeira Sacra
- > O Ribeiro
- > Terras de Ourense e Allariz
- > Celanova - Limia
- > Verín - Viana
- > Manzaneda - Trevinca
- > Rías Baixas
- > Deza - Tabeirós

Fonte: [www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)

Imaxe 2.-Costa da Morte

- ▼ Presentación
- > Patrimonio
- > Espazos naturais
- > Festas e gastronomía

## Costa da Morte

### Presentación...

#### Costa da Morte no mapa...



O xeodestino Costa da Morte abrangue os concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Coristanco, Corcubión, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Aquí estaba a fin do mundo, o "Finis Terrae" dos romanos. Concretamente, en **Cabo Fisterra**, un lugar fascinante desde a máis remota antigüidade, e onde moitos peregrinos dan por finalizado a súa viaxe despois de pasaren por **Santiago de Compostela**.


A lendaria **Costa da Morte** debe o seu nome aos numerosos naufraxios que aquí ocorreron. Unha agreste franxa costeira con praias inmensas como **Carnota**, **O Rostro** ou **Baldaio** e tamén cantís, fortes correntes e repentinos temporais que a fan tan temida polos navegantes. Aquí manda o mar. Así nolo recorda o **Cemiterio dos Ingleses**, preto de **Cabo Vilán**, onde foron enterrados os mariñeiros do *Serpent* que naufragaron en 1890. E quizá para pedir clemencia ao ceo, esta é tamén unha costa zarrapicada de santuarios máxicos, como o da **Virxe da Barca**.

Mais ás veces, o mar inténase na terra e convértese nunha protectora ría: **Corcubión**, **Lires**, **Camariñas**, **Corme e Laxe**. Vilas con auténtico sabor mariñeiro e moitas historias que contar. Como os hórreos xigantes de **Carnota** e **Lira**. Ou a delicadeza dos **encaixes de Camariñas**.

Fonte: [www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)

## 2.Situación

Imaxe 3.-Muxía no mapa



Fonte: [www.google.es](http://www.google.es)

### 3.Un pouco de historia...

*Nosa Señora da Barca  
ten o tellado de pedra;  
ben o pudera ter de ouro,  
miña Virxe, si quixera.*

Imaxe 4.-Santuario da Virxe da Barca



Fonte: [www.proxectobuserana.blogaliza.org](http://www.proxectobuserana.blogaliza.org)

A Romaría da Barca forma parte do Patrimonio Cultural Inmaterial dos muxiáns, e ademais é unha xeradora inesgotable de elementos do PCI (Patrimonio Cultural Inmaterial), os sons, os sabores, as cantigas, etc...

A gran poetisa galega, Rosalía de Castro (1837- 1885), dedicoulle un dos seus poemas do libro *Cantares gallegos* (1863), á Romaría da Virxe da Barca. Rosalía escribiu esta poesía motivada polo feito de vivir o ambiente desta festa no ano 1853, ano que foi a Muxía acompañada de Eduarda Pondal, irmá do bardo pontecesán, cando contaba tan só dezaseis anos. As dúas hospedáronse na casa de Leandro Abente Chans, médico muxián e tío de Eduarda. Ambas as dúas caeron enfermas de tifus, enfermidade contaxiosa que acabou coa vida da irmá de Pondal.

O longo poema que comeza coa coñecida cantiga popular de *Nosa Señora da Barca*, consta de 226 versos octosílabos, con rima asonante nos pares, tipo romance.

A paisaxe e o ambiente mariñeiro muxián e da Costa da Morte, tamén lle serviu de inspiración a Rosalía para escribir a súa novela *La hija del mar*, publicada no ano 1859.



O santuario que foi construído en 1719, sofre reformas posteriores. Ten unha nave de planta de cruz latina. A fachada ten dúas torres, construídas en 1958, con dous corpos de arcadas. No seu interior alberga os sepulcros dos condes de Maceda, os que financiaron a obra, e varios retablos, un deles obra de Miguel de Romay.

É un dos santuarios máis antigos de Galicia e a el acoden unha gran cantidade de romeiros. A tradición conta que cando Santiago Apóstolo predicaba por Fisterra sufrindo penalidades e desalentos, aparecéuselle a Virxe nunha barca de pedra guiada por anxos. Como testemuño desta aparición está a barca coñecida como "Pedra de Abalar" e a vela, "Pedra dos Cadrís", que cura de reuma a todo aquel que pase baixo dela.

Imaxe 5.- Pedra de Abalar



Fonte: [www.quepasanacosta.com](http://www.quepasanacosta.com)

A Romaría da Barca de Muxía é unha antiga celebración de culto (a súa antigüidade vai parella á data da fundación da primeira capela cara ao século XI ou XII) que segue aínda nos nosos días

congregando a unha cantidade inxente de fregueses que veñen de todas as partes de Galicia e incluso de fóra que acoden ao Santuario da Barca a abalar a Pedra e pasar por debaixo da Pedra dos Cadrís, das que se pensa que teñen propiedades curativas e que chaman á solidariedade da xente.

Pero ao mesmo tempo foise creando unha festa paralela á celebración relixiosa, converténdose a Romaría da Barca na máis importante da Costa da Morte e en punto de encontro dos mozos e mozas que chegan a milleiros a Muxía.

A Romaría da Barca celébrase o segundo domingo de setembro, agás cando este segundo domingo é o día oito, que entón pasa ao seguinte, isto é, ao quince; por iso existe o seguinte dito: "A Romaría da Barca non baixa do nove nen sobe do quince" (referíndose ao domingo da Barca).

#### **4. OUTROS ENLACES DE INTERESE:**

<https://youtu.be/H3Z8KpGI5zE>

[https://youtu.be/eiAtBj\\_I0rc](https://youtu.be/eiAtBj_I0rc)

#### **5. WEBGRAFÍA:**

-CONCELLO DE MUXÍA: A romaría da Nosa Señora da Barca

<http://www.concellomuxia.com/ga/web/index.php?mod=int&tip=4&lug=1>

-GOOGLE MAPS

<https://www.google.es/maps/>

-PROXECTO BUSERANA: Romaría da Barca

<http://proxectobuserana.blogaliza.org/romaria-da-barca/>

-QUE PASA NA COSTA: Reflexións sobre o incendio do Santuario da Barca de Muxía

<http://www.quepasanacosta.com/?p=29134>

-TURGALICIA: Santuario da Virxe da Barca e pedras da Barca

[http://www.turgalicia.es/ficha-recurso?langId=gl\\_ES&cod\\_rec=4943&lay=944](http://www.turgalicia.es/ficha-recurso?langId=gl_ES&cod_rec=4943&lay=944)

-TURGALICIA: Xeodestinos

[http://www.turgalicia.es/rias-altas?langId=gl\\_ES](http://www.turgalicia.es/rias-altas?langId=gl_ES)